




Concello da Coruña

Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/22471/2023 14/11/2023

Area / Unidade RR.HH PE0000 MJIB	Documento 1081710C7Z	
Código de verificación  0K58 1R1Z 704Y 1N6F 0QFE	Expediente 108/2023/1856	
	Data 07-11-2023	

Asunto: Cobertura, en comisión de servicios, do posto secretario/a de dirección do departamento de Alcaldía (ref. posto 48).

RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- O coordinador xeral de Alcaldía con data 16/10/2023 (CSV 3F1P5H531G5L4C5Y07CJ), emite informe de necesidade de convocatoria pública para a cobertura, mediante comisión de servicios, do posto de secretario/a de dirección, nº referencia 48 da RPT.

Dita cobertura temporal do posto de secretario/a de dirección é urxente e necesaria xa que como consecuencia da celebración das eleccións municipais de data 28/05/2023, o día 17/06/2023 tomou posesión a nova Corporación Municipal do Concello da Coruña aprobándose unha nova estrutura directiva e establecendo novas coordinacións e direccións de área en base a nova estrutura organizativa.

Derivado do anterior e para atender as necesidades de asistencia ás novas coordinacións xerais de área e as novas direccións de área e a vacante existente no posto de secretario/a de concelleiro/a, resulta necesario e imprescindible a cobertura urxente de 1 posto de secretario/a de concelleiro/a e 5 postos de secretario/a de dirección vacantes, os cales teñen atribuídas, entre outras, as seguintes funcións:

- Manter organizada e actualizada a axenda do/a superior xerárquico/a, incluíndo a xestión de citas, reunións, asistencia a actos, viaxes, desprazamentos, etc.
- Atención telefónica e presencial, filtrando chamadas, atendendo visitas, medios de comunicación, etc, e procurando dar bo curso aos asuntos formulados.
- Recepción e xestión de documentos e correspondencia dirixida ao superior xerárquico.

Segundo.- O día 16/10/2023 o Servizo de Recursos Humanos publica un anuncio de convocatoria para a cobertura temporal, do seguinte posto de traballo:

1. Secretario/a de Dirección (Departamento de Alcaldía), referencia 48.

No citado anuncio, indícase que o persoal funcionario de carreira, que conforme a RPT vixente e as normas de xestión, reúnan os requisitos necesarios para a ocupación de este posto de traballo e que queiran participar nesta convocatoria, deberán presentar a correspondente solicitude nun rexistro municipal ou na sede electrónica, acompañada dun currículo, no prazo de 5 días hábiles, a contar desde a publicación deste anuncio.

Terceiro. As características do posto de traballo a cubrir, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo vixente, son as que se detallan na seguinte táboa:

Servizo	Cod.Ud Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto de traballo	Gr.	N	Escala	Element. Espec.
Depart. Alcaldía	GA3000	Secret. Dirección.	0048	Secret. Dirección	C1/C2	18	AX/AE	FR06 ED

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira.- O artigo 96 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, regula a comisión de servizos voluntaria, onde establece que os postos de traballo reservados ao persoal funcionario de carreira pódense prover excepcionalmente e de maneira temporal mediante unha comisión de servizos voluntaria. O artigo 64.6 do Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado establece que aos funcionarios en comisión de servizos reservaráselles o posto de traballo, o que hai que relacionar que o apartado 8 do art. 4 do Decreto 92/1991 de 20 de marzo polo que se aproba o regulamento de situacións administrativas dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia dispón que a comisión de servizos será desempeñada voluntariamente salvo nos casos de carácter forzoso.

Así mesmo, o artigo 30 do Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración xeral da CCAA de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico, establece que o persoal funcionario de carreira con destino definitivo poderá ocupar, excepcionalmente e de maneira temporal, un posto de traballo en comisión de servizos de carácter voluntario sempre e cando pertenza ao corpo ou escala e reúna os demais requisitos que estableza a correspondente relación de postos de traballo.

As comisións de servizos poderán acordarse, entre outros supostos, para desenvolver un posto de traballo cando estea vacante; entendendo que un posto está vacante cando non ten titular, cando o seu titular estea ocupando outro posto en comisión de servizos ou cando estea de permiso por parto, permiso por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, ou permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, acollemento, garda con fins de adopción ou adopción dun fillo ou filla.

O posto da RPT nº 48 de secretario/a de dirección, actualmente atópase vacante.

Segunda.- Unha vez examinadas as solicitudes recibidas e os CV das persoas presentadas, o xefe de servizo de RRHH co conforme do coordinador xeral da Área de Economía e Planificación Urbana e do coordinador xeral da Área de Alcaldía, en informe de data 03/11/2023 con código de verificación 5Q696A6Y46311H440QJT, emite unha proposta de nomeamento de Dona Ana Laura Fernández Rodríguez, en comisión de servizos, no posto de secretario/a de dirección (ref. posto 48).

Terceira.- Cómpre indicar, en relación á motivación da adxudicación dun posto en comisión de servizos á persoa considerada máis idónea, a sentenza nº 472/2022 do 1 de xuño de 2022 do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, a cal establece que ao tratarse dun sistema excepcional e temporal non require un proceso de selección ordinario no que exista unha publicación dun baremo e unha valoración provisional de méritos. A comisión de servizos é unha vía excepcional de provisión temporal dun posto de traballo cuxa cobertura resulta necesaria e urxente a través da designación do persoal funcionario de carreira que resulte idóneo e cumpra as esixencias para o seu eficiente desempeño. Por tanto, esa nota de urxencia e idoneidade, outórgalle un plus de discrecionalidade á Administración convocante, respectando sempre os principios de igualdade, mérito e capacidade.



Concello da Coruña

Considerando a urxente necesidade de cobertura do posto de secretario/a de dirección (nº ref. 48) e co fin de que non se produza discontinuidade no funcionamento do Departamento de Alcaldía, e tendo en conta o disposto nos arts. 81 e 84 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o art. 101 da Lei de Bases de Réxime Local e o art. 96 e ss da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e o art. 3 do Decreto da Xunta de Galicia 93/1991 de 20 de marzo e demais normas concordantes, así como que a funcionaria proposta reúne os requisitos, procede destinar a Dona Ana Laura Fernández Rodríguez, en comisión de servizos, ao posto de traballo de secretario/a de dirección co número 48 na RPT.

Cuarta.- Esta comisión de servizos ten carácter temporal e a súa duración será ata dun ano. Dita comisión de servizos pode prorrogarse un ano máis ou ata a celebración, no seu caso, do correspondente proceso de provisión de postos. Unha vez terminada esta comisión de servizos, a citada funcionaria volverá ao seu posto de orixe en caso de non obter este posto con carácter definitivo polos sistemas legalmente establecidos.

As características do citado posto de traballo son as seguintes:

Servizo	Cod.Ud Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto de traballo	Gr.	N	Escala	Element. Espec.
Depart. Alcaldía	GA3000	Secret. Dirección.	0048	Secret. Dirección	C1/C2	18	AX/AE	FR06 ED

Quinta. O posto de orixe de Dona Ana Laura Fernández Rodríguez, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo, descríbese na seguinte táboa:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
At. Cid. e Int.	IT2210	At. Cidadá	Aux. At. Cidadá	1960	C1/C2	18	AX	FR05 AP2

A citada funcionaria actualmente encontrase ocupando en comisión de servizos o seguinte posto de traballo, concedido por Resolución do concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior (por delegación da Xunta de Goberno Local) de data 3 de abril de 2023:

Servizo	Cod.	Unidade Org.	Ref.	Posto de traballo	Gr.	N	Escala	E. Espec.
Xestión Tributaria	GT3200	Xestión Tributos	0123	Asist. Administración	C1/C2	18	AX	FR06

Sexta.- Os custos que xenere esta comisión de servizos atópanse orzados no grupo de programa 912, existindo crédito adecuado e suficiente para iso.

Sétima.- O órgano que ostenta a competencia en materia de persoal, segundo o disposto no art. 127.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, é a Xunta de Goberno Local. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 05/07/2023 (BOP nº 131 de 11/07/2023), atribúese delegación xenérica en materia de xestión de persoal ao concelleiro delegado de Economía, e Planificación Urbana.

Á vista do informe emitido polo Servizo de Recursos Humanos, o Concelleiro responsable da Área de Economía e Planificación Urbana por delegación da Xunta de Goberno Local do 05/07/2023 (BOP núm. 131 do 11/07/2023), en uso das facultades que ten conferidas,

RESOLVE:

1. Finalizar, con efectos do día anterior a sinatura da acta de aceptación do posto descrito no punto 2, a comisión de servizos concedida a Dona Ana Laura Fernández Rodríguez (NIF ***6973**) por Resolución do concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior (por delegación da Xunta de Goberno Local) de data 3 de abril de 2023, no posto de asistente de administración de xestión de tributos nº 123.
2. Destinar a Dona Ana Laura Fernández Rodríguez (NIF ***6973**), en comisión de servizos, ao posto de secretaria/o de dirección (nº ref. 48).

As características do posto a ocupar son as descritas na seguinte táboa:

Servizo	Cod.Ud Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto de traballo	Gr.	N	Escala	Element. Espec.
Depart. Alcaldía	GA3000	Secret. Dirección.	0048	Secret. Dirección	C1/C2	18	AX/AE	FR06 ED

Os efectos económicos e administrativos desta comisión de servizos serán os do día da formalización da correspondente acta de aceptación.

3.- Esta comisión de servizos ten carácter temporal e a súa duración será dun ano. Dita comisión de servizos pode prorrogarse un ano máis ou ata a celebración, no seu caso, do correspondente proceso de provisión de postos. Unha vez terminada esta comisión de servizos, a citada funcionaria volverá ao seu posto de orixe en caso de non obter este posto con carácter definitivo polos sistemas legalmente establecidos.

4.- Notificar a presente resolución á interesada, á xefa de servizo de Xestión Tributaria e ao coordinador xeral de Alcaldía.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

Concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana

José Manuel Lage Tuñas